

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **DEZASEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 09-02-12.-**
- 2º.- DAR CONTA DECRETO DE 9 DE FEBREIRO ASINADO POR MATÍAS RODRÍGUEZ: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.-**
- 3º.- URBANISMO:**
 - A) CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDOS:**
 - XGL 12-01-12: José González e outro.
 - XGL 30-12-11: José Luis Álvarez.
 - B) LICENCIA DE OBRA E LICENCIA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE: Manuel Caramés.**


- 1º.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 09-02-12.-**

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 09 de febreiro de 2012.

A Sra. Alcaldesa dí que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:



Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 09 de febreiro de 2012.

2º.- DAR CONTA DECRETO DE 9 DE FEBREIRO ASINADO POR MATÍAS RODRÍGUEZ: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.-

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta do seguinte Decreto

2.1.- "DECRETO DA CONCELLARÍA DE CULTURA E TURISMO.

Visto o acordo de MODIFICAR AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN EN OFICINAS DE TURISMO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2012, PUBLICADAS NO BOP NÚMERO 205 DE OUTUBRO DE 2011

Publicada no BOP Nº 24 de data 3 de febreiro de 2012,

Esta Concellaría de Cultura e Turismo RESOLVE:

1.- Aprobar co fin de posibilitar o gasto derivado da cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social do bolseiro, a modificación da Memoria denominada, " BOLSA DE COLABORACIÓN NA OFICINA DE INFORMACIÓN TURISTICA DE SILLEDA, no que afecta ao seu orzamento total, que pasa a ser 8.082,06 € (antes 7.875,00 €.)

2.- Solicitar unha subvención do 50 % do importe bruto dos custos de 4.041,03 €, en canto acto administrativo que non afecta a terceiros.

3- Dar traslado deste decreto a Alcaldía

4- Darlle conta á Intervención do acordo.

Silleda, a 09 de febreiro 2012

*O Concelleiro de Cultura e Turismo
(Resolución da Alcaldía sobre*

Dou fe, A Secretaria



*Delegación de competencias de
4 de xullo de 2011)*

Asdo. Matias Rodríguez da Torre

Asdo. Cristina Alonso Losada"

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3º.- URBANISMO:

3.1.- A) CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDOS:

-XGL 12-01-12: José González e outro.

LICENCIA DE OBRA MAIOR

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de xaneiro de 2012 polo que se concede licencia a a Dº JOSÉ LUIS GÓMEZ MOLINA e Dª ANA BELÉN TABOADA ESPÍÑO para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita na Rúa Agro do Balo, Bandeira.

Advertido erro no apelido do solicitante (sendo correcto JOSÉ LUIS GONZÁLEZ MOLINA en lugar de José Luis Gómez Molina) no informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 09-01-12 e xurídico de Juan Carlos González Peteiro da mesma data, procédese a posterior corrección deste erro mediante novo informe do mesmo técnico e xurídico de Juan Carlos González Peteiro, de data 15-02-12, e como consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda corregir o erro no acordo correspondente da Xunta de Goberno Local de data 12-01-12, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, resultando aprobado por unanimidade dos presentes, este acordo:

Licencia de Obra Maior

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 09 de xaneiro de 2012, e o informe xurídico de Juan Carlos González Peteiro, favorable de data 09 de xaneiro de 2012, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, **acorda por unanimidade dos presentes:**

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a Dº JOSÉ LUIS GONZÁLEZ MOLINA e Dª ANA BELÉN TABOADA ESPÍÑO licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) **NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dª JOSÉ LUIS GONZÁLEZ MOLINA e Dª ANA BELÉN TABOADA ESPÍÑO**
- **FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARA:**



- c) Rehabiliación e ampliación de vivenda unifamiliar.
SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Agro do Balo, Bandeira.
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: Arquitecto Dº Santiago Martín Romarís García.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 116.600,00 € (segundo consta no proxecto presentado).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 09 de xaneiro de 2012:

Solicitante	González Molina, José Luis e Taboada Espiño, Ana Belén			
Data de rexistro	20.set.2011	Nº 3995	Data escrito	20.set.2011
Obra	Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar			
Tipo de obra	Maior			
Emprazamento	Rua Agro do Balo, Bandeira			
Referencia Catastral	36052C511009520000TY			
Autor do Proxecto	Santiago Martín Romarís García, Arquitecto col. 3058			
Proxecto	Básico. Sen visar (R.D. 1000/2010 sobre visado obrigatorio)			
Dirección de Obra	Santiago Martín Romarís García, Arquitecto col. 3058			
Oficio de Dirección	Non consta			
Dirección de Execución	Óscar Botana Pérez, Arquitecto Técnico col. PA522			
Oficio Direc. Execución	Non consta			
Exposición pública	BOP			
	DOGA			
	Prensa			
Orzamento (P.E.M.)	116.600,00 € (segundo consta no proxecto presentado)			






NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:



1 En data 20 de setembro de 2011, (registro de entrada 3995), Don José Luis González Molina e Dona Ana Belén Taboada Espiño solicitan licencia municipal de obra para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar. Acompañan a solicitude de unha copia de proxecto básico, sen visar, asinada polo Arquitecto Santiago Martín Romarís García, col. nº 3058.

INFORME TÉCNICO:

2 O solo onde se pretende a rehabilitación encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano consolidado**, xa que a parcela cumpre có establecido no art. 12.a Solo urbano consolidado, integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquiri-la condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.

3 O ámbito de solo onde se pretende a rehabilitación da vivenda está calificado no Plan Xeral como **Edificación Pechada**. O uso que se pretende está recollido no art. 18 do PXOM como vivenda agrupada en edificios contiguos.

4 Con respecto á prelación de licencias e outros títulos administrativos do artigo 196, a parcela na que se pretenden as obras **non está sometida a autorizacións de outros organismos**.

5 O Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 18 de marzo de 2010, e entrou en vigor o 18 de abril de 2010. O proxecto foi visado con posterioridade á entrada en vigor das devanditas normas, polo que lle serán de aplicación a citada normativa de habitabilidade de vivendas de Galicia. **O proxecto presentado dá cumprimento aos requisitos esixidos pola Normativa de habitabilidade de Galicia en vigor.**

6 O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

7 O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

8 De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento dos traballos declarados polo solicitante.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto básico presentado non





contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra. No entanto, non poderán iniciarse as obras en tanto non se presente e sexa verificada a seguinte documentación:

- **Proxecto de execución asinado por técnico competente e visado.**
- **Estudio de seguridade e saúde.**
- **Oficio de dirección de obra e Oficio de dirección de execución de obra**

Por tanto, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión do proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe, estudio ou estudio básico de seguridade e saúde, oficio de dirección das obras e oficio de dirección da execución das obras, asinados por técnicos competente e visados segundo proceda."

- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) **OUTROS:**
- Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 602/10.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 2.623,50 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

3.2.- A) CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDOS:

-XGL 30-12-11: José Luis Álvarez.

LICENCIA DE OBRA E ACTIVIDADE

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2011 en relación o escrito de Dº José Luis Álvarez Viéitez, sendo o promotor INDEPENDENCIA 2, S.A. solicitando Licencia de obra, de rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores, sito no lugar de Trasfontao (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do Arquitecto Dº Paulino Sánchez Cid,



visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10 de agosto de 2011, nº 1105743,1.

Advertido erro no orzamento (sendo correcto 373.513,56 € en lugar de 124.801,56 €) no informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 18-11-11 e xurídico de Juan Carlos González Peteiro da mesma data, procédese a posterior corrección deste erro mediante novo informe do mesmo técnico e xurídico de Juan Carlos González Peteiro, de data 15-02-12, e como consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda corrixir o erro no acordo correspondente da Xunta de Goberno Local de data 30-12-11, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, resultando aprobado por unanimidade dos presentes, este acordo:

Licencia de Obra e Actividade

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 09 de enero de 2012, e o informe xurídico de Juan Carlos González Peteiro, favorable de data 09 de enero de 2012, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, **acorda por unanimidade dos presentes**

Examinado o expediente promovido por Dº José Luis Álvarez Viéitez, sendo o promotor INDEPENDENCIA 2, S.A., en virtude de instancia nº 3490 de data 23 de agosto de 2011, solicitando Licencia de obra, de rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores, sito no lugar de Trasfontao (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do Arquitecto Dº Paulino Sánchez Chao, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10 de agosto de 2011, nº 1105743,1.

RESULTANDO: Que Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 18 de novembro de 2011.

RESULTANDO: Que con data 18 de novembro de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>José Luis Álvarez Viéitez</i>
<i>Data da solicitude</i>	<i>23 de agosto de 2011</i>
<i>Nº de Rexistro</i>	<i>3490</i>



<i>Proxecto</i>	<i>Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar de Transfontao, Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>Parcela 36052A049003280000KY</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Paulino Sánchez Chao, Arquitecto col. 2143.</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.08.2011 n° 1105743,1</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>N/d</i>
<i>Oficio de dirección</i>	<i>N/d</i>
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa Faro de Vigo, 3.nov.2011</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>373.513,56 €</i>

ANTECEDENTES:

1. O 23 de Agosto de 2011, R.E. 3490, Don José Luis Álvarez Viéitez, Presenta solicitude de Licencia municipal de obras para o **Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores**, no lugar do mesmo nome, na parcela de referencia catastral 36052A049003280000KY. Acompaña a solicitude de tres copias de proxecto, redactado polo Arquitecto Paulino Sánchez Chao, col. n° 2143 do COAG.

INFORME:

2. O solo onde se pretende a construción está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, en aplicación da Disposición Transitoria Primeira "Réxime de Aplicación aos municipios con planeamento non-adaptado", da Lei 9/2002 do Solo de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **solo rústico**.

3. O artigo 40 LOUGA, Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico, establece o seguinte: **"Permitirase en calquera categoría de solo rústico, logo da autorización autonómica segundo o procedemento establecido polo artigo 41, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese"**



público. A reconstrución ou rehabilitación deberá respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal."

4. Por outra parte, o edificio proxectado ubícase nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, catalogado, entre outros, nas Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Pontevedra e no informe e anexos correspondentes rexistrados neste Concello o día 16 de agosto de 2001, R.E. 2407, subscrito pola dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, no que aparece referenciado como Pazo de Transfontao e a Via da Prata.

5. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuízo deste arquitecto, propónse dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos:

- Consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.
- Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, como se indica no punto 4 deste informe.


Polo que o técnico que subscibe considera que a memoria presentada non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra, previa obtención das autorizacións sectoriais indicadas no punto 5 deste informe técnico."

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:

Emitir informe municipal según o artigo 41 da LOUGA (L. 9/2002) para autorización urbanística autonómica.

Remiti-lo expediente completo a:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.





- Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, como se indica no punto 4 do informe do Arquitecto asesor técnico do Concello.

3.3.- B) LICENCIA DE OBRA E LICENCIA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE: Manuel Caramés.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Licencia Nº 5196/11. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Manuel Caramés Rozados, solicitando licenza de obra para adecuación de instalacións a normativa vixente en galería comercial, a situar na rúa Avda. do Parque, nº 32 (Silleda), segundo proxecto asinado polo Enxeñeiro Técnico Ángel Ibán Fernández Águila, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industrias de Vigo o 15/11/2011, nº 21103187.

RESULTANDO: Que con data 9 de febreiro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 9 de febreiro de 2012.

RESULTANDO: Que con data 9 de febreiro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:

Solicitante	<i>Caramés Rozados Manuel</i>			
Data de rexistro	<i>29/11/2011</i>	<i>Nº 5196</i>	<i>Data escrito</i>	<i>28/11/2011</i>
Obra	<i>Adecuación de instalacións a normativa vixente en galería comercial</i>			
Tipo de obra	<i>Obra e Actividade.</i>			
Emprazamento	<i>Avda. do Parque, nº 32 - Silleda</i>			
Referencia Catastral	<i>1873001NH6217S (finca)</i>			
Autor do Proxecto	<i>Ángel Ibán Fernández Águila, Enxeñeiro Técnico nº 3895</i>			
Proxecto	<i>Visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 15/11/2011, nº 21103187</i>			



Dirección de Obra	<i>Ángel Ibán Fernández Águila, Enxeñeiro Técnico, col n° 3895</i>
Oficio de Dirección	<i>Visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 16/11/2011, n° 21103201</i>
Exposición pública	BOP
	DOGA
	Prensa
Orzamento (P.E.M.)	Segundo consta na memoria técnica: 4.900 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de xullo de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A. def. o 11/05/1995
- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A. def. o 11/05/1995





- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1 O día 29 de novembro de 2011, Manuel Caramés Rozados presenta solicitude de Licencia Municipal de Obras e de Actividade para a Adecuación de instalacións á normativa vixente en galería comercial na Avda. do Parque, nº 32. Acompaña a solicitude de dúas copias de proxecto básico e de execución asinado e visado, segundo se indica no cadro superior.

2 O 1 de decembro de 2011, o arquitecto que subscribe emite informe técnico sobre a actividade que se solicita, propoñendo que se dé traslado dunha copia do expediente completo ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. a fin de que se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental.

3 A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2012, acorda dar traslado do expediente ao citado organismo.

4 O día 6 de febreiro de 2012, R.E. 526, tén entrada neste Concello Resolución asinada o 30 de xaneiro de 2012 do Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. en resposta á solicitude enunciada nos puntos 2 e 3, na que se resolve o seguinte:

Á vista do informe do servizo de Calidade e Avaliación ambiental, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
RESOLVE: que a actividade de ADECUACIÓN DE INSTALACIÓN A
NORMATIVA VIXENTE EN GALERÍA COMERCIAL solicitada
MANUEL CARAMÉS ROZADOS non terá a necesidade de someterse ao
procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no decreto
133/2008 de 12 de Xuño.

INFORME TÉCNICO:



5 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo urbano. Ordenanza: Edificación Cerrada.

6 O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:
"Adecuación de instalaciones a normativa vigente en galería comercial"

7 Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial**: "**ART. 118.- DEFINICION:**
1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluído el almacenamiento de las mismas. (...). **Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo.**

8 Con respecto á tramitación comercial autonómica, ao abeiro do art. 29 da Lei 3/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, cómpre salientar que a superficie de venda ao público é inferior, aínda sumando todos os locais posibles, é inferior aos 2.500 m² de superficie útil, polo que se considera que a citada autorización non é preceptiva.

9 Canto á tramitación ambiental, no punto 4 dos antecedentes deste informe relaciónase a resolución da **Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. pola que se resolve que a actividade de ADECUACIÓN DE INSTALACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE EN GALERÍA COMERCIAL** solicitada por Manuel Caramés Rozados non terá a necesidade de someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no decreto 133/2008 de 12 de Xuño.

10 O proxecto presentado, salvo erro ou omisión involuntarios ou mellor interpretación da normativa, non contradí os parámetros urbanísticos autonómicos e municipais establecidos para este ámbito

11 Do mesmo xeito, dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

12 O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

13 De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento dos traballos declarados polo solicitante.





14 Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuízo deste arquitecto, non se observa a necesidade de someter o expediente a outras autorizacións.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1.- Informe da Policía Local Nº 73/12.

Dase conta do informe emitido pola Policía Local Nº 73/12, de data 16 de febreiro de 2012 no que se sinala:

"N/Ref: Informe 73/12

Asunto: OBRA SEN LICENZA EN PIÑEIRO

En relación ao escrito con Rexistro de Entrada nº 678, de 14 de febreiro de 2012, presentado por D. CARLOS REY DOMINGUEZ, con DNI 35.225.829Y, e domicilio en Basteiros nº 10, Piñeiro, Silleda, no que rexeita a autoría dunha obra, os Axentes desta Policía Local, con TIP 265003 e 265007, que levaron a cabo a inspección da mesma, informan:

- Que o día 21 de outubro de 2011 fixeron a inspección dunha obra que se estaba facendo na leira nº 642, do polígono 506, zona 7, na parroquia de Piñeiro.



- A obra consistía no recheo de dita leira e na canalización dun regato que discorre pola mesma, tal como se puxo de manifesto no informe con referencia 384/11, elaborado con tal motivo

- En dito informe identifícase a D. CARLOS REY DOMÍNGUEZ como promotor das obras xa que él mesmo así o manifesta aos axentes, dicindo tamén non posuír a oportuna licenza municipal de obra. Os axentes comprobán, do mesmo xeito, que é D. CARLOS o que fai a obra, conducindo él mesmo a excavadora mixta que fai o recheo."

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de novembro de 2011 que se transcribe:

"5.5.- Visto que con data 21 de outubro de 2011 ditouse providencia de Alcaldía ordeando á policía a comprobación de realización de obras de desmonte para canalización dun regato en Castrocastríño, parroquia de Piñeiro, así como alterar o curso do mesmo, segundo denuncia formulada por Dº Antonio González Gonzalez, mediante escrito con rexistro de entrada nº 4548 de data 20 de outubro de 2011.

Visto que pola Policía Local, en data 24 de outubro de 2011 infórmase que no lugar de Castrocastríño, na parroquia de Piñeiro estánse levando a cabo obra de rebaixe de terreo nunca finca e recheo noutra cercana e que o promotor da obra resulta ser Don Carlos Rey Domínguez.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de outubro de 2011 acordouse remitir o expediente aos servizos municipais de urbanismo para que informen sobre se procede adoptar medidas de protección da legalidade urbanística e se as actuacións que se están realizando son compatibles co planeamento urbanístico.

Visto que, polo Arquitecto asesor Técnico Municipal, en data 04 de novembro de 2011 emítese informe técnico no que se sinala: "As obras que se están executando, segundo o informe da Policía Local, de desmonte e recheo de terreo, están definidas no artº 35.3 LOUGA "Limitacións de apertura de camiños e movementos de terras: (...) Con carácter xeral quedan prohibidos os movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, agás nos casos expresamente autorizados por esta lei." Por tanto, cómpre adoptar medidas de protección da legalidade urbanística, segundo establece o artigo 214 da citada LOUGA e concordantes.

De conformidade co artigo 214.1 da LOUGA, corresponde á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio





competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade.

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por Resolución de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, acorda:

- 1.- *Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se procede, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.*
- 2.- *Notificar o presente acordo a Don Carlos Rey Domínguez."*

Visto todo o anterior a **Xunta de Goberno** por unanimidade dos presentes e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por decreto de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, **acorda:**

- 1.- Darlle traslado dos documentos obrantes no expediente a Consellería de Urbanismo a fin de que, se procede, tramite o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística, como complemento do acordo aprobado en Xunta de Goberno Local de 10 de novembro de 2011.
- 2.- Notificar o presente acordo a Don Carlos Rey Domínguez.

2.- Corrección de erros. Acordo da Xunta de Goberno Local de 12-01-12.
Jesús M^a Lázara Failde..

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 12-01-12 en relación o expediente tramitado a nome de **D^o Jesús María Lázara Failde**, solicitando a declaración por parte do Concello de incursión na situación legal de Fora de Ordenación total según se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, dunha nave industrial, situada no lugar Agro do Campo, nº 5 (Silleda).

Advertido erro no informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 11-01-12 e xurídico de Juan Carlos González Peteiro da mesma data (no referente a superficie das edificacións en canto a clasificación de solo nalgún párrafo) procédese a corrección deste erros mediante novo informe do mesmo técnico e xurídico, de data 16-02-12, e como consecuencia a Xunta de Goberno Local **acorda** correxir estes erros no acordo da Xunta de Goberno Local do 12-01-12, resultando aprobado por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes **este acordo:**

Informe urbanístico



Visto que por **Dº Jesús María Lázara Failde**, preséntase escrito con Rexistro de Entrada nº 4769, de data 07 de novembro de 2011, solicitando a declaración por parte do Concello de incursión na situación legal de Fora de Ordenación total según se recolle na disposición transitoria terceira - Edificación sen licenza da Lei 2/2010, de 25 de marzo, dunha nave industrial, situada no lugar Agro do Campo, nº 5 (Silleda).

Visto que con data 11 de xaneiro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 11 de xaneiro de 2012.

Visto que con data 11 de xaneiro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

<i>Solicitante</i>	<i>Jesús María Lázara Failde</i>
<i>Data de rexistro</i>	<i>7/11/2011 Nº 4769 Data escrito 7/11/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Inscripción no Rexistro de Fóra de Ordenación (D.T.3ª Lei 2/2010)</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Agro do Campo, nº 5. Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052A048001500000KI (parcela)</i>
<i>Autor da Memoria</i>	<i>Luis Llorente Taboada, Arquitecto Técnico col. 125</i>
<i>Memoria</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.





- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de xullo de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes
- 1.17 Instrución 2/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ANTECEDENTES:

1. Vista a disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación as edificacións sen licenza que literalmente se transcribe:

"Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes



anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria deberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."

2 Xúntase coa solicitude a seguinte documentación:

3.1.1 Certificado de seguridade e solidez suscrito polo arquitecto técnico D. Luis Llorente Taboada, asinado o 27/6/2011.

3.1.2 Certificado de superficies e antigüidade, suscrito polo arquitecto técnico D. Luis Llorente Taboada en data 3-febreiro-2011, e no que consta entre outros o que literalmente se transcribe:


"(...) ambas construcciones fueron realizadas con anterioridad al 1 de enero de 2003"

3.1.3 Planos de edificación e parcela suscritos polo arquitecto técnico D. Luis Llorente Taboada.

3.1.4 Cadro de superficies das edificacións:

CADRO DE SUPERFICIES

Nave Industrial	Superficie útil	Superficie construída
Planta nave	1126,45	1168,91
Entreplanta almacén	62,6	63,5
Aseos e vestiarios	8,4	9,4
Aseo oficinas	3,7	4,1
Hall entrada oficinas	4,65	4,85
TOTAL	1205,80	1250,71
Edificio anexo		
Planta baixa	141,7	
Portal entrada	12,8	





Oficina dirección	26,1	
Oficinas xerais	45,15	
Escaleiras	10,7	
Despensa	2,45	
Cociña	12,35	
Hall entrada vivenda	4,05	
Salón	18,9	
Dormitorio 1	9,4	
Dormitorio 2	11,1	
Dormitorio 3	9,4	
Baño	4,35	
Pasillo	3,1	
Patio de Luces	6,05	
TOTAL	317,60	345,00

3.1.5 Consulta descriptiva e gráfica do catastro.

3.1.6 XUSTIFICACIÓN DA PREEXISTENCIA DUN USO CONTINUADO:

3.1.6.1 Copia de contrato de arrendamento de nave situada en Silleda, Agro do Campo, s/n, para uso distinto do de vivenda, celebrado entre Jesús Antonio Lázara Orrea e Jesús María Lázara Failde, e asinado o 1/1/2006.

3.1.6.2 Copia de facturas emitidas por Jesús María y José Luis Lázara Failde C.H. á Empresa Lázara, S.A. En concepto de "aluguer de nave sita en Agro do Campo, en Silleda", con datas de emisión: 1/12/2011, 2/1/2011, 1/1/2010, 1/1/2009 e 2/1/2008.

3.1.6.3 Copia de factura da empresa subministradora Hidroeléctrica de Silleda, a nome de Empresa Lázara, S.A., emitidas os días 31/12/2011, 31/10/2011, 28/02/2011, 28/02/2010, 28/02/2009, 29/02/2008, 28/02/2007, 28/01/1999, 28/02/1999.

3.1.6.4 Copia de xustificante de pago de Recibo de Bens Inmoveis, de inmovible con r.c. D11601100000000001ZQ, situado en Mera- Silleda, dos exercicios 2011, 2010, 2009 e 2008.

3.1.6.5 Copia de recibo da ORAL de inmovible con r.c. D116011000000000001ZQ, situado en Mera- Silleda, do exercicio 2007.

INFORME TÉCNICO:

3 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1992, e p. Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico de protección de augas.



Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún a nome do titular, Jesús María Lázara Failde, sobre unha edificación destinada a, situada en Agro do Campo, nº 5. Silleda - Silleda, con referencia Catastral nº 36052A048001500000KI (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

Dado que a edificación se atopa en solo rústico de protección de augas, deberáse obter previamente o informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, e visto o escrito de solicitude e a totalidade da documentación que se xunta co mesmo, o técnico que suscribe non atopa incoviente para que por parte do Concello se declare a edificación na situación legal de fora de ordenación total, previos os trámites oportunos.


3.- Informe Técnico Urbanístico.

Visto que por D^a María Cruz Eiriz Valladares, preséntase escrito de data 16-11-11 (Rexistro de Entrada nº 5350, de data 07 de decembro de 2011), solicitando certificación municipal da non existencia de expediente urbanístico sancionador sobre a edificación sita no lugar de Carballeda, nº 12, parroquia de Taboada (Silleda).

Visto que con data 13 de decembro de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, segundo o contido do citado informe técnico, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidaded os presentes acorda :**

Solicitante	Dona MARIA CRUZ EIRIZ VALLADARES				
Data de rexistro	07/12/2011	Nº	5350	Data escrito	16/11/2011
Emprazamento	Carballeda, nº 12 - Taboada, (Silleda)				
Referencia Catastral	002001000NH62E0001LD				
No que literalmente consta:					





EXPÓN: Que es propietaria de una parcela en la que se ubica una edificación destinada a vivienda unifamiliar compuesta de planta baja, y planta alta, sita en el número 12 del Lugar de Carballeda, Parroquia de Taboada, Ayuntamiento de Silleda. Que a efectos de realización de la Escritura de Declaración de Obra Nueva de dicha edificación, y acceso al Registro, resulta necesaria la aportación de certificación municipal de la no existencia de expediente urbanístico sancionador sobre la citada edificación. Es por lo que a V.I

SOLICITA: Que previos los tramites e informes que considere necesarios me sea expedida dicha certificación

Visto o escrito de solicitude, e a totalidade da documentación que se xunta coa mesma, efectuada búsqueda no Departamento Técnico de Urbanismo a nome de Dona María Cruz Eiriz Valladares, INFORMO o seguinte:

1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún a nome da titular, Dona María Cruz Eiriz Valladares, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar, situada en Carballeda, nº 12, parroquia de Taboada- Silleda, con referencia Catastral nº 002001000NH62E0001LD. Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen visar, asinado polo técnico Don José Pereiras Sánchez, do día 16 de Novembro de 2011, a edificación de R.C. 002001000NH62E0001LD, téñ unha antigüidade superior os 15 anos.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notificase que á edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de inordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.

Notifícanse as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Registro da Propiedade.



4.- Informe Técnico urbanístico.

Visto que por **D^a Fabiola Villar Quintana**, preséntase escrito de data 23-11-11 (Rexistro de Entrada nº 5351, de data 07 de decembro de 2011), solicitando certificación negativa de ausencia de adopción de medidas por parte da administración tendentes á restauración da legalidade urbanística, correspondente a edificación sita en Eirexe - Moalde (Silleda).

Visto que con data 03 de xaneiro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, segundo o contido do citado informe técnico, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Solicitante	Dona FABIOLA VILLAR QUINTANA				
Data de rexistro	07/12/2011	Nº	5351	Data escrito	23/11/2011
Emprazamento	Eirexe - Moalde, (Silleda)				
Referencia Catastral	S00400400000000001KQ				
No que literalmente consta:					

EXPÓN: Que la exponente es nuda propietaria de la Finca que figura con el nº 106 del Plano General de la Zona de la Concentración Parcelaria de Moalde.- Rústica; Terreno ubicado en el sitio de Eirexe con edificaciones, de unas veinticuatro áreas y setenta centiáreas.- Linda...

Pues bien, ante la intención de la exponente de legalizar la edificación, antigua casa familiar, que se ubica en la referida finca y cuya referencia catastral es S00400400000000001KQ...

SOLICITA: Se proceda a la expedición de la correspondiente Certificación negativa de ausencia de adopción de medidas por parte de la administración tendentes a la restauración de la legalidad urbanística.

Visto o escrito de solicitude, e a totalidade da documentación que se xunta coa mesma, efectuada búsqueda no Departamento Técnico de Urbanismo a nome de Dona Fabiola Villar Quintana, INFORMO o seguinte:

1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador





algún, a nome da titular, **Dona Fabiola Villar Quintana**, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar, situada no lugar de Eirexe, parroquia de Moalde - Silleda, con referencia Catastral nº S00400400000000001KQ. Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade visado en data 17-xaneiro-2012, e asinado polo Arquitecto Técnico Don Juan M. Martínez Mateos, do día 14 de Xaneiro de 2012, a edificación de R.C. S00400400000000001KQ, téñ unha antigüidade superior os 14 anos.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notifícase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.

Notifícanse as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

5.- Informe Técnico Urbanístico.

Visto que por **Dª Edelmira Liñares González**, preséntase escrito de data 24-11-11 (Rexistro de Entrada nº 5115, de data 24 de novembro de 2011), solicitando certificación de non existencia expediente de infracción urbanística sobre unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Lázara s/n, parroquia de Refoxos (Silleda).

Visto que con data 02 de xaneiro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, segundo o contido do citado informe técnico, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes acorda:

Solicitante	Dona EDELMIRA LIÑARES GONZALEZ				
Data de rexistro	24/11/2011	Nº	5115	Data escrito	24/11/2011



Emprazamento **Lazara - Refoxos, (Silleda)**

Referencia Catastral **36052A078005970000KP (parcela)**

No que literalmente consta:

EXPÓN: Que desexando obter Certificación de que non existe Expediente de Infracción Urbanística, sobre una vivenda unifamiliar sita en el lugar de Lazara s/n, parroquia de Refoxos, C.P. 36544 - Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)

SOLICITA: A fin de obter la mencionada Certificación.

Visto o escrito de solicitude, e a totalidade da documentación que se xunta coa mesma, efectuada búsqueda no Departamento Técnico de Urbanismo a nome de Dona Edelmira Liñares González, INFORMO o seguinte:

1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cóos medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún, a nome da titular, Dona Edelmira Liñares González, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar, situada no lugar de Láza, parroquia de Refoxos - Silleda, con referencia Catastral nº 36052A078005970000KP (parcela). Porén, cómpre indicar que cóos medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen visar, asinado polo arquitecto Don Pablo Pol Barros, do día 16 de Decembro de 2011, a edificación de R.C. nº 36052A078005970000KP (parcela), téen unha antigüidade superior os 12 anos.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notifícase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de ilegalidade de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.

Notifícanse as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro de Propiedade.





6.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO CONCELLO DE SILLED A - Ano 2011

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 23-decembro-2011 que transcríbese:

“Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda aprobada na sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de outubro de 2011 acordouse efectuar a convocatoria para a concesión de subvencións en materia de actividades culturais e entidades deportivas, aprobando a estes efectos, as bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades culturais e as bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para entidades deportivas.

Vista a convocatoria da subvención publicada no Boletín Oficial de la Provincia nº 218 do día 14 de novembro de 2.011.

Visto que con data 14 de decembro de 2011 a Comisión de Subvencións, composta polo Concelleiro de Cultura, o Concelleiro de Deportes e Animadora Sociocultural, emítese proposta de outorgamento de subvencións para actividades culturais e deportivas.

Visto o informe de Intervención de data 21 de decembro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, con corrección da proposta da Comisión de Subvencións, en canto o importe concedido á Asoc. Feiral Semana Verde de Galicia, acorda:

1º.- Desestimar a solicitude presentada pola Asociación Española contra o Cancro Xunta Provincial de Pontevedra, por non atoparse inscrita como tal no Rexistro Municipal de Asociacións sin fins de lucro.

2º.- Desestimar a solicitude presentada pola Asociación de Veciños de Parada, por non atoparse inscrita como tal no Rexistro Municipal de Asociacións sin fins de lucro.

3º.- Conceder subvención ás seguintes asociacións:



Nome da Asociación	Importe	Motivación
Anpa Brincadeira	400 €	Pola orixinalidade do punto de lectura e a formación teatral, así como a actividade constante durante o ano lectivo.
Asoc. Mulleres do Municipio de Silleda	300 €	Polo novidoso do curso realizada así como as actividades realizadas por este colectivo
Asoc. Amigos do Grupo de Gaitas "Os Carqueixas"	200 €	Polo fomento de difusión da música galega.
Asoc. de Baile Xuvenil Fortín da Pomba	4.350 €	Pola formación dos nenos e nenas na música e baile tradicional galego e contribución ao espallamento da nosa cultura.
Asoc. Avanza Trasdeza	350 €	Pola orixinalidade das actividades presentadas
Asoc. Musical Recreativa e Cultural da Bandeira	13.200 €	Pola formación e divulgación da música popular e clásica e pola repercusión da súa actividade fora do Municipio
Asoc. Amigos de Silleda	450 €	pola conservación e recuperación da historia e tradicións da vila de Silleda.
Asoc. de Veciños San Miguel de Lamela	400 €	Pola unión veciñal que se acada coas actividades organizadas e polo mantemento das tradicións.
Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda	13.400 €	Pola repercusión da súa actividade non soamente enste Municipio senón tamén a nivel do Estado; así como pola formación e divulgación da música.
Asoc. Cultural Vista Alegre	2.900 €	Pola variedade, novidade e repercusión das actividades realizadas, e pola colaboración co Concello de Silleda no desenvolvemento da cultura.
Asoc. de Veciños Santiago Apóstolo Taboada	400 €	Polo fomento da unión parroquial e participación veciñal
Asoc. de Veciños Olaia de Silleda	900 €	Polo fomento da participación cidadá e posta en valor e divulgación do patrimonio municipal.





<i>Nome da Asociación</i>	<i>Importe</i>	<i>Motivación</i>
<i>Asoc. Feiral Semana Verde de Galicia</i>	<i>650 €</i>	<i>Divulgación e potenciación da cultura rural e espallamento das tradicións e iniciativas agrarias e desenvolvemento rural do Concello de Silleda</i>
<i>Asoc. Socio-Cultural Adellís</i>	<i>400 €</i>	<i>Pola promoción da lingua galega e polo desenvolvemento de actividades alternativas no Concello de Silleda</i>
<i>Asoc. Son da Fervenza</i>	<i>600 €</i>	<i>Pola recuperación do espazo natural de Férveda cunha romaría tradicional, así como polo traballo desenvolvido que culminou na grabación dun CD</i>
<i>Asoc. Inter-Cultural Sta Ferreña</i>	<i>300 €</i>	<i>Potenciación da cultura popular no entón do Mosteiro de Carboeiro e divulgación do patrimonio histórico de Trasdeza</i>
<i>Asoc. de Mulleres Rurais Fervenza do Castelo</i>	<i>300 €</i>	<i>Pola promoción da participación veciñal e divulgación das tradicións</i>
<i>Asoc. Mulleres Rurais Sta Isabel</i>	<i>400 €</i>	<i>Promoción de actividades culturais no medio rural.</i>
<i>Coral Polifónica Trasdeza</i>	<i>3.650 €</i>	<i>Difusión da cultura musical e externalización do nome de Silleda fóra das nosas fronteiras.</i>
<i>Asoc. de Veciños A Costa</i>	<i>250 €</i>	<i>Axuda para equipamento básico que lles permita desenvolver actividades gastronómicas e de lecer.</i>
<i>Asoc. Cultural Xirandola</i>	<i>4.350 €</i>	<i>Pola formación dos mais pequenos no baile e música tradicionais e pola colaboración con esta Administración Local</i>
<i>Asoc. Mulleres Rurais de Abades</i>	<i>250 €</i>	<i>Fomento de saídas culturais coa participación dos veciños</i>
<i>Asoc. Veciñal e Cultural Ansemil e Martixe</i>	<i>100 €</i>	<i>Axuda para equipamento deportivo necesario para a organización de actividades deportivas</i>
<i>Anpa Brincadeira</i>	<i>200 €</i>	<i>Pola promoción do deporte base e do alternativo</i>
<i>Clube Deportivo Dezarco</i>	<i>400 €</i>	<i>Fomento dun deporte novo e da organización de numerosas actividades tamén no municipio como a nivel galego.</i>



<i>Nome da Asociación</i>	<i>Importe</i>	<i>Motivación</i>
<i>Sociedade Deportiva Silleda</i>	<i>18.600 €</i>	<i>Formación deportiva e promoción do deporte base con 10 equipos. Valórase así mesmo e equipo feminino de fútbol e a colaboración co Concello e repercusión das súas actividades</i>
<i>Clube de Fútbol Lamela</i>	<i>3.700 €</i>	<i>Valorase a repercusión na zona deste clube pola cantidade de socios, superan os 350, así como pola súa antigüidade ademais do fomento do deporte que realizan</i>
<i>Clube de Fútbol Laro</i>	<i>2.700 €</i>	<i>Valorase o mantemento do fútbol na parroquia o que supón un núcleo de unión. Así mesmo valorase que esta temporada son líderes na súa categoría</i>
<i>Sociedade Deportiva Bandeira C.F.</i>	<i>3.700 €</i>	<i>Valorase a formación de equipos de xuvenís e fomento do deporte entre os xóvenes, así como a colaboración co Concello de Silleda</i>
<i>Clube de Petanca Bandeira</i>	<i>1.500 €</i>	<i>Divulgación do nome da Bandeira fóra do noso Municipio. Fomento e conservación dun deporte tradicional, así como a colaboración institucional.</i>

Visto o Informe de Intervención de data 15 de febreiro de 2012, con reparo da legalidade de xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións Culturais e Deportivas do Concello para o exercicio 2011

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Estimar o cumprimento das actividades ou inversións subvencionadas propoñendo seu pago a tódalas entidades segundo o recollido no acordo transcrito de Xunta de Goberno Local de 23-12-11, **excepto** en canto a Asoc. Amigos do Grupo de Gaitas "Os Carqueixas" en relación a cal se considera non considerar cumprida a actividade ou inversión polo que non se propón seu pagamento.

7º.- Recoñecemento de antigüidade solicitada polo funcionario Julio Méndez Castro.

Dase conta do escrito de data 14-09-10, presentado polo funcionario municipal Julio Méndez Castro, (Rexistro de Entrada nº 4077, de data 14 de setembro de 2010), solicitando o recoñecemento dunha antigüidade superior en 820 días á que



figura na actualidade, tal e como consta no informe de vida laboral da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Consta informe de Intervención de data 16-02-12.


De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:** conceder o recoñecemento dunha antigüedad superior en 820 días ó funcionario municipal Julio Méndez Castro, segundo a súa solicitude, con efectos do día de hoxe 16 de febreiro de 2012.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 16 de febreiro de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada